

ACTA 5.: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE CONCERTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

XUNTANZA DE SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO ACORDO. ACTUACIÓNS QUE SE VAN A ABORDAR NO MES DE ABRIL.

Na dirección xeral da Función Pública do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela reúnense as 12 horas do día 22 de abril de 2019 as persoas que a seguir se sinalan: José María Barreiro Díaz, José Emilio Doforno Guzmán, Delia Irene Martínez Conde, Javier Lareu Rodiño, Lino Díaz Goás, Rubén Plaza Martínez, Víctor Gallego Víncent.

Analízanse en relación a Funcionarización as seguintes situacións:

Primeiro.-Funcionarización e problemática do persoal laboral que estea en excedencia. Tratamento dos distintos supostos.

Segundo.-Funcionarización e adscripcións temporais do persoal laboral: Posibilidade das súa conversión en comisións de servizo.

Terceiro.-Que se teña en conta que os complementos variables (como o caso da nocturnidade) do persoal laboral non se poden incluír no complemento específico senón naquel que corresponda á nova relación funcional.

Cuarto.-Problemática do persoal que non posúa a titulación para acceder á funcionarización: Propónse o mantemento para este persoal do complemento equivalente ao de carreira por non poder funcionarizarse, criterio que será negociado oportunamente.

Quinto.-Propónse que na funcionarización non descontarán as respostas do exame tipo test contestadas incorrectamente de ser acordado así na negociación das bases das ditas convocatorias.

Sexto.-.- Categorías do persoal laboral e súa inclusión no anexo do Decreto de funcionarización.

Estes criterios da comisión de seguimento xunto cos demais que poidan xurdír serán obxecto de negociación no futuro texto do Decreto que regule os procesos de funcionarización.



Outras cuestións en relación ao acordo de concertación:

Primeira.- Cumprimento do acordo de paternidade e as súas instrucións.

Segunda.-Bolsa de horas do 5% e a súa aplicación, reduccion do 50% da xornada despois da enfermidade.

Terceira.-Xornada de verano e as xornadas especiais así como a redución de xornada en periodo de verano.

Remata a sesión as 15 horas do día 22 de abril de 2019.

Presidente da Comisión de Seguimento O secretario da Comisión

O director xeral da Función Pública Subdirector xeral de RRXX e RRL

J. M. Barreiro



Asdo.: José María Barreiro Díaz

V. Gallego
Víctor Gallego Víncent